


A BALEA AZUL

É o animal más grande que existe. O seu peso medio é duns 130.000 Kg aínda que pode chegar a pesar os 200.000. Mide uns 30 ou 32 metros de longo. Para que te deas unha idea, é más longa que 3 autobuses colocados en ringleira e pesa mais que 20 elefantes africanos xuntos.

Ten en conta que os elefantes africanos son os más grandes.



A balea é un mamífero. Na balea as extremidades superiores convertéronse en aletas e respira por dous buratos que ten na parte alta da cabeza. Os dentes convertéronse en barbas e a través delas aliméntase de plancto (pequenos animais e vexetais que viven na auga).

As crías, ó nacer pesan uns 2.500 Kg e nos primeiros 6 meses engordan uns 100 Kg ó día alimentándose só de leite materna.

Móvense a uns 10 ou 20 km por hora, pero en caso de apuro poden acadar os 35 k/h.

Viven en tódolos océanos, principalmente no Pacífico e no Atlántico, aínda que no verán van cara o Océano Ártico e Antártico; iso si, cando van parir acércanse a climas más cálidos.

Hai 9 millóns de anos que existe pero agora está en perigo de extinción. Ó longo dos anos cazáronse moitas e agora só sobrevive un pequeno número delas. Así que se non a protexemos, en pouco tempo este fabuloso animal deixará de existir.

COMPRENSIÓN

Sinala a resposta correcta:

1. A balea azul

é un réptil

pesa como ós elefantes africanos

é o mamífero mais grande que existe

2. As crías da balea azul

aliméntanse de peixes

ao nacer pesan dous mil quilos

os primeiros meses engordan uns cen kilos ao día

3. Hoxe en día

están protexidas por perigo de extinción

é unha especie de aparición recente

só se encontran no océano Atlántico

Completa as seguintes frases sobre o texto que acabas de ler:

A balea azul pode chegar a pesar _____ e a medir _____.

A balea azul aliméntase de _____, esto é pequenos animais e vexetais que viven na auga.

Aproxímanse a climas cálidos cando _____.

Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases:

____ A balea azul sempre foi unha especie protexida.

____ Móvense entre dez e vinte quilómetros á hora.

____ Respira por dous pequenos buratos que ten na parte alta da cabeza.

____ É máis longa que 3 autobuses colocados en ringleira.

ACTIVIDADES

1. Pon dous adxectivos a cada un dos seguintes nomes:

Exemplo: MAR **azul**: MAR **grande**

- ▶ BALEA: _____
 - ▶ OCÉANO: _____
 - ▶ CABEZA: _____
 - ▶ DENTES: _____
 - ▶ AUGA: _____

2. Escolle unha das palabras anteriores e fai unha frase:

3. ¿Cántas palabras eras capaz de encontrar dentro desta?

Sombrea os cadros que non utilices.

4. Escribe na ringleira as palabras que se repiten nas columnas:

navegar
balea
espuma
nudos
barco
mamífero

espuma
niños
balea
navegar
corda
mamífero

preciso
nudos
mamífero
espuma
balea
barca






5. Busca na sopa de letras:

océano, balea, mamífero, protexida, especie



6.
modelo.

Busca a balea azul que seja igual ao



7. Ordena as seguintes palabras e forma frases con sentido:

- existe - A - más -balea - é - o - que - mamífero - grande

- principalmente - Viven -Pacífico- océanos- nos - e - Atlántico

- baleas - Ó – dos -longo - anos – cazáronse - moitas

8. Trata de ler estas frases e logo escríbeas:

Deenira por douce bixarato que ten na parte alta da cabeza

A balea é o animal máis grande que existe

Viven en todos os océanos, principalmente no Pacífico e no Atlántico

As súas extremidades superiores convertéronse en aletas

9. Inventá unha conversación telefónica entre un domador de baleas e un periodista. Logo les a conversa con un compañeiro elixido o chou pero da seguinte forma: primeiro ledes as preguntas que fai periodista de un de vos e as respuestas que da o domador do outro e logo ó revés. Poñédevos de acordo so no número de preguntas que ides facer, en nada máis, senón o exercicio perdería a gracia.

- 10.** Inventa un pequeno conto no que a protagonista sexa unha balea azul:
